

MARIE ANNE PAULZE E OS DESCUBRIDORES DO OSÍXENO NA HISTORIA

**BERMEJO PATIÑO, MANOLO; FERNÁNDEZ FARIÑA, SANDRA;
VELO HELENO, M. ISABEL; GONZÁLEZ NOYA, ANA M.**

Departamento de Química Inorgánica, USC

1. Introducción

O ano 2019 celebramos o “Año Internacional da Táboa Periódica”. No XXXII congreso de ENCIGA que celebramos ese ano en Viveiro, presentamos unha comunicación titulada “Marie Anne e a Táboa Periódica” na que estudabamos a relación de Marie Anne Paulze (Ilustración 1) co tema do *osíxeno*. Dun xeito moi breve e colateral, ao remate da presentación desa ponencia, insinuamos a relación que Marie Anne puido chegar a ter no descubrimento e na posible utilización do esencial elemento químico con $Z=8$.

No pasado XXXVI congreso de ENCIGA celebrado no ano 2023 en Xinzo de Limia, presentamos o relatorio titulado “*O Descubrimento do Osíxeno na Química*”. Ademais, no nº 97 do Boletín das Ciencias publicamos o artigo “*Quen foi o descubridor do Osíxeno?*”. Neles reflexionabamos sobre a relevancia do feito histórico do descubrimento deste transcendental elemento na historia da humanidade.

Estes traballos presentábalos como un tema aberto, de modo que lle puidera servir ao profesorado para reflexionar diante do seu alumnado, sobre como se construíu a química.



Figura 1. Autorretrato de Marie Anne Paulze.

Nesta comunicación, pretendemos completar e concluír todos os aspectos relacionados co descubrimento do *osíxeno*, explicando cal foi a participación, se é que tivo lugar, de Marie Anne Paulze neste tema. Achegaremos tanta información histórica coñecemos sobre este tema para que cada quen poida tomar posición. Tivo algo que ver Marie Anne no descubrimento do *osíxeno*?

Sabemos que Marie Anne estaba alí: como *salonniere* no salón da familia Lavoisier; como colaboradora de Antoine no seu laboratorio familiar; actuando como a súa relacións públicas cos

restantes investigadores internacionais; servíndolle cientificamente en canto cumpría;...etc. Que participación tivo Marie Anne na obtención do *osíxeno*?

Con todo canto levamos indicado, se Marie Anne participou na obtención do *osíxeno*, que papel puido xogar nese descubrimento unha nena/muller de tan só 17-20 anos?

O obxectivo desta comunicación será tratar de colocar a Marie Anne Paulze no lugar que lle corresponde na historia do descubrimento do *osíxeno*.

Nesta comunicación, no noso afán por Instruír, Ensinar e Educar, pretendemos presentar un feito de relevancia histórica, "*Marie Anne e os descubridores do osíxeno*". Queremos dar a coñecer mellor como actuaba a ciencia na Ilustración e, tamén, tratar de comprender máis adecuadamente que papel xogaron os Lavoisier no descubrimento do osíxeno e no desenvolvemento da química moderna.

2. Referencias

- Bermejo, M. R., González Noya, A., Pintos Barral, X., (2011). "*Marie Anne: muller da casa, salonniere, científica ou que?*". Boletín das Ciencias, nº 73, páx. 73.
- Bermejo, M. R. (2013). "*As mulleres Científicas: esas descoñecidas da historia*" en "Reflexións e Testemuñas. As mulleres nas artes e nas ciencias". Universidade da Coruña.
- Bermejo, M. R., González Noya, A., Fernández Fariña S., Velo Heleno M. I. (2023). "*O descubrimento do Osíxeno na Historia*". En XXXVI Congreso de ENCIGA (Xinzo da Limia), nº 88, páx. 85.
- Bermejo, M. R., Fernández Fariña S., González Noya, A., Maneiro Maneiro M., Velo Heleno M. I. (2024). "*Quen foi o descubridor do Osíxeno?*". Boletín das Ciencias, nº 97, páx. 85.
- González Noya, A., Pintos Barral, X., Bermejo, M. R. (2019). "*Marie Anne e a Táboa Periódica*". En XXXII Congreso de ENCIGA (Viveiro), nº 88, páx. 85.
- González Noya, A., Pintos Barral, X., Bermejo, M. R. (2020). "*Marie Anne Paulze no descubrimento do osíxeno*". Boletín das Ciencias, nº 90, páx. 75 e bibliografía citada.
- Hoffman, R. (2008). "*More about Mme. Lavoisier than M. Lavoisier*". Contributions to Science, 4, 111.
- Holmes, F. (1986). "*Lavoisier and the Chemistry of live*". Madison Wis. University of Wisconsin Press.
- Kawashima, K. (2004). "*Marie Anne Lavoisier (1758-1836): une vie, deux révolutions, la révolution chimique et la Révolution française*". Kagakushi journal, Diario da Sociedade Xaponesa da Hª da Química, vol. 31.
- Lavoisier, A. L. (2009). "*Tratado Elemental de Química*" Prólogo, Manuel R. Bermejo; tradución, Sergio Casas Fernández y Mª Victoria Castaño Palazón. Madrid: Fundación BBVA; Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de publicacións e Intercambio Científico, D.L. 2009. ISBN 978-84-9887-131-9.
- Severinghaus, J. W. (2002). "Priestley, the furious free thinker of the enlightenment, and Scheele, the taciturn apothecary of Upsala". Acta Anaesthesiol Scand., 46, 2-9.
- VV. AA. (2019). "*Boletín das Ciencias*", nº 87. Dedicado á Táboa Periódica na celebración dos seus 150 anos.